Mostrar os idiomas coma unha ferramenta básica do futuro dun cidadán/a é unha competencia imprescindible e no IES Faro das Lúas levamos dende o ano 2008 con sección bilingües. Ademais programa permítenos solicitar e contar, tódolos anos ata o de agora dende o ano 2009, coa axuda dun auxiliar de lingua inglesa que intervén tendo conversacións en lingua inglesa con tódolos grupos do Centro.

r/Cuxhaven , nº 7 - 36620 - Vilanova de Arousa
Tlfo.: 886 159 230 - FAX.: 886 159 233
e-mail : ies.faro.das.luas@edu.xunta.es


**6.4 PLAN PROXECTA: QUEROTE+ e ALIMÉNTATE BEN PROMOCIÓN DE CONSUMO DE FROITA**

Participamos no Plan Proxecta (antigamente se ofertaban as súas accións individualmente) dende o 2011 e este plan engloba acción interdisciplinares a través de programas con acordos con outras consellerías e/ou institucións:

1. No programa **Aliméntate ben** tratamos de que o alumnado identifique os hábitos nutricionais saudables e incrementar o consumo de froita e verdura é unha necesidade identificada no noso alumnado.
2. Se ben intentaremos que o **proxecto Quérote**+ se desenvolva ao máximo posible de xeito interdisciplinar, contando coas aportacións que se poidan facer en materias como Bioloxía ou Valores Éticos, o núcleo central da formación correrá a cargo das titoras, asesoradas polo Departamento de Orientación que poderá participar directamente nalgunha das actividades. Será na hora de titoría semanal onde se desenvolvan as diferentes tarefas propostas polo programa Quérote + e onde se fará o proxecto final.

**6.5 PROGRAMA DE FORMACIÓN PERMANENTE DO PROFESORADO**

Dende o ano 2014 estamos traballando no Centro cun PFPP relacionado coa convivencia escolar, polo que a maioría do profesorado recibe ou recibiu formación neste eido. No primeiro ano formámonos no eido na mediación escolar para montar ese servizo no Centro, no seguinte no eido da Titoría entre iguais (TEI) e neste queremos ter formación sobre Educación Emocional.

**6.6 MEDIACIÓN ESCOLAR**

Dende o ano 2015 o IES Faro das Lúas ten un servizo de mediación escolar entre iguais que axuda a mellorar a convivencia do Centro, ensinado a resolver os conflitos de maneira pacífica. O alumnado ten que solicitar a intervención do equipo e logo hai preparado un protocolo de actuación. Pertencemos a Rede Galega de Centros con mediación escolar de Galicia e facemos anualmente unha xornada de convivencia e intercambio de experiencias.

**6.7 TITORÍA ENTRE IGUAIS**

Dende o ano 2016 aplicamos no IES Faro das Lúas o programa TEI, co que o alumnado de 1º de ESO é titorizado polo alumnado de 3º de ESO para previr conflitos violentos e acoso no eido escolar. Ó longo do curso realizan diversas actividades de cohesión para mellorar esa relación entre alumnado titor e titorizado.

**6.8 PROXECTOS INTERDISCIPLINARES**

Dende o ano 2009 lévanse integrando no Centro diversos proxectos interdisciplinares ,coordinados pola Biblioteca, con diversas temáticas e formatos (PDI maioritariamente), que incluso foron premiados (Concurso Proyecta-innovación, ano 2016), confirmando a evolución que está levando o Centro na creación de proxectos integradores de diversas disciplinas para acadar as competencias chave no noso alumnado.

r/Cuxhaven , nº 7 - 36620 - Vilanova de Arousa
Tlfo.: 886 159 230 - FAX.: 886 159 233
e-mail : ies.faro.das.luas@edu.xunta.es

**7.Materias de libre configuración (data de autorización XT)**

Debemos sinalar unha serie de obxectivos de Centro ademais dos propios do nivel educativo que traballamos, en relación a este apartado da libre configuración a ter en conta á hora de tomar as decisións sobre as materias de libre configuración

- Definir o perfil de alumnado que recibe a súa formación no noso Centro
- Coñecer e valorar as súas carencias e necesidades
- Coñecer e respectar as súas propias demandas
- Procurar a participación dos diferentes sectores da Comunidade Educativa, xa á hora da valoración das necesidades xa na toma de decisións segundo proceda en Galicia, dentro deste grupo de materias atopamos dúas liñas de actuación, cunha carga horaria e cunhas posibilidades diferentes:

1ª. MATERIA DE LIBRE CONFIGURACIÓN AUTONÓMICA: LINGUA GALEGA E LITERATURA.

É competencia exclusiva do ente autonómico e a efectos prácticos para os centros educativos funciona ó xeito dunha materia troncal. De feito, recoñéceselle polo Decreto un "tratamento análogo no centro docente ó da Lingua Castelá e Literatura". E a súa carga horaria é a seguinte:

**1º ESO 2º ESO 3º ESO 4º ESO**

**CARGA HORARIA**

4 horas 3 horas 3 horas 3 horas

2ª. MATERIAS DE LIBRE CONFIGURACIÓN DO CENTRO

Supón para os centros un anaco de autonomía coa posibilidade de definir, nas condicións que determina a propia Consellería, a oferta das materias deste bloque adaptando así a oferta educativa final ó contexto socio-educativo e á tipoloxía de alumnado coa que nos atopamos, por ser o centro educativo o coñecedor máis inmediato e último destes extremos.

No noso Instituto, os cursos onde ten cabida esta libre configuración, a súa carga horaria e as materias que se están a impartir a día de hoxe son:

**1º ESO**

**(1 hora)**

Investigación e Tratamento da Información (dende o curso 2015-2016)

**2º ESO**

**(1 hora)**

Promoción de Estilos de Vida Saudables(dende o curso 2016-2017)

Consideramos que a elección destas materias non debe ser unha decisión que teña que perpetuarse ó longo do tempo senón que debera existir un procedemento de revisión. Sendo así propoñemos:

**1º. MATERIAS SUSCEPTIBLES DE TER CABIDA NO BLOQUE DE MATERIAS DE LIBRE CONFIGURACIÓN:**

1º. Afondamento e/ou reforzo dalgunha/as da/as materia/as xa existentes

2º. Materias de libre configuración creadas e ofertadas pola Xunta de Galicia:

- Paisaxe e Sustentabilidade
- Educación Financeira
- Investigación e Tratamento da Información
- Oratoria
- Programación
- Promoción de Estilos de Vida Saudables
- Xadrez
- Igualdade de Xénero
- Obradoiro de Música

3º. Materias de libre configuración de creación do Centro

r/Cuxhaven , nº 7 - 36620 - Vilanova de Arousa
Tlfo.: 886 159 230 - FAX.: 886 159 233
e-mail : ies.faro.das.luas@edu.xunta.es


Cabe a posibilidade de que no noso Instituto creemos materias en relación ás necesidades que observemos no alumnado e as nas propias posibilidades organizativas.

**2º. DURACIÓN DA DECISIÓN DA ELECCIÓN DAS MATERIAS DE LIBRE CONFIGURACIÓN NO CENTRO.**

Habería que determinar un período mínimo no que unha materia de libre configuración debera estar en funcionamento no centro, de cara a poder determinar con certo rigor se é ou non útil para a formación do alumnado, se cumpre coas expectativas e obxectivos esperados...

Deste xeito poderiamos concluír que unha materia de libre configuración e agás haxa motivos que determinen o contrario, debera estar en funcionamento a lo menos 3 cursos. Nese momento, no último curso, poríase en funcionamento o procedemento sinalado no punto 3º de cara a tomar unha decisión para o seguinte.

Excepcionalmente e de forma transitoria, no caso das materias que están en funcionamento na actualidade, esperaremos ó terceiro curso da materia de 2º da ESO (que entrou en funcionamento no 2016-17) para facer o cambio de ambas materias, da de 1º e da de 2º da ESO (e así evitar o proceso en dous cursos consecutivos).

**3º. PROCEDEMENTO PARA A TOMA DA DECISIÓN DA ELECCIÓN ou REVISIÓN DA DECISIÓN DE ELECCIÓN DAS MATERIAS DE LIBRE CONFIGURACIÓN:**

Durante o curso e en distintos momentos do mesmo, a Dirección promoverá o debate nos departamentos didácticos sobre esta cuestión.

Durante a 3ª avaliación, haberá un punto na orde do día dunha das reunións da Comisión de Coordinación Pedagóxica na que se trate de xeito específico este punto, procurando o debate sobre a posibilidade de continuar coas materias xa elixidas ou sobre a necesidade da elección dunha nova e

isto en relación ós seguintes criterios:

- as demandas que se vaian observando no alumnado do centro
- as necesidades observadas polo profesorado
- ós informes dos profesores das materias sobre evolución das mesmas
- as conclusións que amosen as enquisas cubertas polo alumnado (ó longo dos tres cursos)
- enquisa ó alumnado (e incluso ás familias) en relación ás súas necesidades e/ou desexos

Tamén habería de valorarse a posibilidade da creación de varias materias de libre configuración que funcionen ó mesmo tempo nun mesmo curso, habida conta de que o número mínimo de alumnado sería de 10 nenos/as.

Unha vez tomada a decisión pola Comisión, esta elevará unha proposta que incluirá o nome da materia e a xustificación da súa inclusión na oferta do centro ó Claustro de Profesores para a súa valoración e aprobación, e posteriormente informar ó Consello Escolar.

r/Cuxhaven , nº 7 - 36620 - Vilanova de Arousa
Tlfo.: 886 159 230 - FAX.: 886 159 233
e-mail : ies.faro.das.luas@edu.xunta.es


**8. DEPARTAMENTO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES (DACE).**

**INTRODUCIÓN**

En consoancia coas actividades académicas, o centro educativo ofrecerá actividades extraescolares e complementarias de carácter voluntario que proporcionen aos alumnos experiencias de aprendizaxe no eido cultural, deportivo e recreativo de acordo ao seu proceso madurativo, e que contribúan ao fomento dos valores relacionados coa socialización, a participación e a cooperación entre iguais.

**A realidade social, cultural e económica do noso alumnado que provén na súa maioría do entorno rural, onde a oferta de actividades culturais alleas ao centro é limitada, fai que as actividades complementarias e extraescolares, sexan unha ferramenta idónea para conseguir unha formación integral e plena, así como para aumentar a motivación e o interese do alumnado polo seu propio proceso de aprendizaxe.**

**Mediante estas actividades prentendemos que os alumnos:**

a) **Consigan aprendizaxes nun contexto distinto e atraente.**
b) **Adquiran uns valores e actitudes como a tolerancia e o respecto, que son fundamentais tanto para integrarse no medio social como no entorno natural.**
c) **Sexan máis autónomos.**
d) **Aprendan a utilizar o seu tempo de ocio dun xeito activo e san.**

**8.3. INTEGRANTES DO DEPARTAMENTO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES (DACE).**

Este departamento está composto polo xefe/a de departamento, o profesor encargado da biblioteca (e segundo se especifica no punto 55 da Orde do 1 de agosto de 1997) e tamén se incorporarán para cada actividade concreta, os profesores e alumnos responsables dela, segundo se establece no artigo 63º do citado Regulamento orgánico.

**8.4. FUNCIÓNS DO DACE.**

O departamento de actividades complementarias e extraescolares encargarase de promover, organizar e facilitar as actividades complementarias e extraescolares. Correspóndelle ao xefe/a do departamento as funcións descritas no artigo 66º do *Regulamento orgánico.*

Sen prexuizo do anterior, concretamos neste documento, os seguintes aspectos:

- **Elaborar o Programa Anual de Actividades Complementarias e Extraescolares**. O xefe/a de departamento elaborará este Programa para a súa inclusión na Programación Xeral Anual, contando para iso coas propostas que lle fagan chegar os departamentos didácticos durante o mes de outubro.

- **Organizar as actividades complementarias propias do Centro**: corresponderalle ao xefe/a do departamento coordinar o desenvolvemento destas actividades coa axuda dos demáis departamentos didácticos.

- **Promover e coordinar a avaliación das actividades realizadas e integralas na memoria final do Programa de Actividades.**

- **Coordinar a organización da Viaxe de Estudos de 4º ESO, así como a xestión económica das actividades levadas a cabo polo alumnado para o seu financiamento, en estreita colaboración co profesorado participante.**

**8.Criterios para deseñar, seleccionar, organizar e avaliar as actividades complementarias e extraescolares.** O centro escolar poderá incluír dentro do Proxecto

r/Cuxhaven , nº 7 - 36620 - Vilanova de Arousa
Tlfo.: 886 159 230 - FAX.: 886 159 233
e-mail : ies.faro.das.luas@edu.xunta.es


Educativo de Centro (PEC) as pautas e/ou criterios xerais sobre o uso das tarefas extraescolares na etapa de educación secundaria, de xeito que entronque co adecuado desenvolvemento das competencias clave do alumnado segundo os seus distintos procesos e ritmos de aprendizaxe, atendendo a un principio de progresividade ao longo da etapa educativa.

Este tipo de actividades permite unha maior participación da comunidade educativa na xestión, organización e realización das actividades, desenvolvendo valores relacionados coa socialización, a participación e a cooperación.

As actividades extraescolares promoven no alumnado un sentimento de pertenza ao centro e ao grupo, axudan a conseguir que adquiran unha maior autonomía e responsabilidade na organización do seu tempo libre, favorecendo a autoestima nunha serie de alumnos e alumnas que van mal academicamente e moitas veces estas actividades danlle a oportunidade de destacar respecto os seus compañeiros e compañeiras de maneira positiva.

É preciso promover un tipo de actividades que favorezan a sensibilidade, a curiosidade, a creatividade así como as actividades culturais e deportivas para que os nosos alumnos e alumnas amplíen o seu horizonte cultural, sobre todo tendo en conta que o noso centro atópase nunha zona rural onde a oferta de actividades culturais alleas ao centro son moi limitadas e é a nosa prioridade ampliar o horizonte cultural do alumnado.

Por todo iso, estas actividades deben ter o seu lugar dentro da vida do noso Centro educativo, integrándose adecuadamente no conxunto das actividades educativas e facilitando a participación dos distintos sectores da comunidade educativa na elección, organización, desenvolvemento e avaliación das actividades complementarias e extraescolares.

Cómpre distinguir entre actividades complementarias e extraescolares, as primeiras son organizadas durante o horario escolar de acordo co PEC e que teñen un carácter diferenciado das propiamente lectivas polos recursos que empregan, mentres que as segundas realizaranse fóra do horario lectivo buscando a implicación activa de toda a comunidade educativa, como xa se indicou máis arriba, pretendendo lograr a formación integral do alumnado.

**CRITERIOS XERAIS**

Establécense como criterios xerais para o deseño e a realización das actividades extraescolares os seguintes:

1. As actividades deben estar programadas a comezo de curso polo departamento didáctico correspondente, co fin de poder ser comunicadas ao departamento responsable das mesmas, o departamento de Actividades Extraescolares, e poder así, ser aprobadas previamente polo Consello Escolar, órgano competente para dar luz verde antes da súa aplicación. Departamento que tamén ten a obriga de facer público a través de tódalas vías dispoñibles (páxina web do centro, taboleiros de alumnos e profesores, etc.) a toda a comunidade educativa (profesores, pais, nais, alumnos, etc) as datas e horarios das actividades a realizar.
2. As actividades extraescolares non se deseñarán con carácter exclusivo para ciclos e grupos exclusivos, podendo ser máis transversais á hora de incluír ao alumnado participante.
3. O centro contempla a financiación dunha actividade extraescolar por departamento e curso lectivo sempre e cando dita actividade estea programada dende principio de curso e comunicada nos tempos e formas establecidos no punto 1. O resto de actividades que non sexan financiadas na súa totalidade terán que encaixar co orzamento familiar e dos departamentos organizadores, contemplando o centro as excepcionalidades que se presenten.
4. Obrigatoriedade. As actividades programadas dentro do horario lectivo teñen en principio carácter obrigatorio, salvo excepcionalidades moi específicas, e se un alumno non participa nunha actividade ten a obriga de permanecer no centro.
5. As instalacións do centro poderán ser empregadas por membros da comunidade educativa para a realización de actividades extraescolares fora do horario lectivo. Neste tipo de actividades contémplanse aquelas organizadas pola AMPA coma guitarra, teatro, talleres de lingua ou

r/Cuxhaven , nº 7 - 36620 - Vilanova de Arousa
Tlfo.: 886 159 230 - FAX.: 886 159 233
e-mail : ies.faro.das.luas@edu.xunta.es


informática entre outros, habendo sempre un responsable do coidado das instalacións. Por outra banda, tamén se contempla a utilización libre das instalacións deportivas exteriores para a realización de deporte por parte dos membros da comunicade educativa; así como o uso da biblioteca escolar polas tardes como espazo de estudo e traballo sempre e cando poida haber un responsable que pertenza á Comunidade Educativa.

6. Implicación das familias a título voluntario para participar en actividades didácticas. Nas actividades realizadas fóra do horario lectivo anteriormente sinaladas coma teatro, talleres lingüísticos e música entre outros, as familias poderán ser partícipes das actividades formativas. Ademais, para aproveitar os recursos xa existentes, podería realizarse a través da AMPA unha convocatoria para que calquera membro da Comunidade Educativa poida aportar con carácter voluntario os seus coñecementos de calquera disciplina (coma dominio dun instrumento musical, nativos de linguas estranxeiras...) a outros membros da comunidade (pais, nais, alumnos, etc.). O obxectivo e que poidan participar conxuntamente.

A modo de síntese, ademais dos criterios xa establecidos, é fundamental unha fluída coordinación de tódolos membros da Comunidade Educativa para o bo funcionamento das actividades extraescolares.

## 8.1 XUSTIFICACIÓN

Segundo a Orde do 1 de agosto de 1997 pola que se dictan instruccións para o desenvolvemento do *Decreto 324/1996 polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria e se establece a súa organización e funcionamento*, nos puntos 23 e 24 da citada orde, recóllese o seguinte:

- **Considéranse actividades complementarias** aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que utilizan. Así cabe considera-las visitas, traballo de campo, viaxes de estudio, conmemoracións e outras semellantes.

- **Considéranse actividades extraescolares** aquelas que, sendo organizadas polo centro, entidades sen ánimo de lucro, asociacións culturais, etc. se realizan fóra de horario lectivo.

## 8.2. ACTIVIDADES

Podemos establecer a seguinte clasificación de actividades que se realizan no IES Faro das Lúas:

**8.5.1 As actividades complementarias conmemorativas especificadas no calendario escolar.**
Ao comezar o curso colócase no taboleiro da sa de profesores a relación de conmemoracións de obrigada celebración segundo o calendario escolar. Os departamentos anótanse ao lado dalgunha das conmemoracións asumindo así a coordinación das actividades para esa data.

**8.5.2 As actividades complementarias propias do Centro:**

i. **Celebración do Magosto:** coincidindo co San Martiño, é tradición que os alumnos do Centro traian as castañas e madeira para asalas. Os alumnos e alumnas de 4º ESO asumen o labor da preparación das castañas, mentres que o resto practica diversos xogos no exterior.

ii. **Celebración do Festival de Nadal**: este día realízanse diferentes actividades (proxeccións, teatro, deportes, actividades TEI de cohesión, etc)

iii. **Celebración do Festival Entroido:** realízase o concurso de coplas de cada grupo, concurso de karaoke, desfiles de disfraces, bailes e entrega de premios.

iv. **Celebración do Festival de Fin de Curso:** soe festexarse cunha representación a cargo do grupo de teatro do instituto, actividades deportivas, proxección de vídeos de despedida do alumnado de 4º ESO e entrega de orlas.

**8.5.3 Actividades complementarias/extraescolares organizadas por cada departamento didáctico.**

I. Visitas didácticas a museos, localidades, experiencias ao aire libre, cuxa duración está entre unha mañá e un día enteiro (neste último caso soe ser un martes, pola conveniencia de aproveitar o transporte escolar).

II. Asistencia a Olimpiadas, Rally Matemático e Rally Científico.

III. Organización nos recreos da semana da Ciencia, da semana Matemática, da semana da froita, etc

**8.5.4 Viaxes Extraescolares**

a. Viaxe de estudos.
b. Viaxe de fin de estudos de 4º ESO.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

r/Cuxhaven , nº 7 - 36620 - Vilanova de Arousa
Tlfo.: 886 159 230 - FAX.: 886 159 233
e-mail : ies.faro.das.luas@edu.xunta.es

## 10.Canais de comunicación coas familias e alumnado (modelo unificado de información sobre as programacións, uso da axenda escolar, uso da páxina web, reunión, titorías país, aula virtual…)

### 10.1. Xustificación legal

A LODE do 85, ( que sigue vixente) regula todos aqueles aspectos relacionados co dereito á participación das familias no proceso educativo dos seus fillos. Este dereito foise concretando ou matizando nas diferentes Leis reguladoras da Educación, e na actualidade, atendendo ó establecido na LOE/LOMCE, na nosa Comunidade autónoma concrétase en:

***O Decreto 86/2015,*** sinala en múltiples ocasións a importancia da comunicación coas familias, no propio art. 6 describeo como dereito e como deber dos pais, nais e/ou titores legais.

– Artículo 6. Participación de padres, madres y tutores/as legales en el proceso educativo

1. De conformidad con lo establecido en el artículo 4.2.e) de la Ley orgánica 8/1985, de 3 de julio, reguladora del derecho a la educación, y en el artículo 6 de la Ley 4/2011, de 30 de junio, de convivencia y participación de la comunidad educativa, los padres, las madres o los/las tutores/as legales deberán apoyar y participar en la evolución del proceso educativo de sus hijos/as o tutelados/as, así como conocer las decisiones relativas a la evaluación y a la promoción, y colaborar en las medidas de apoyo o refuerzo que adopten los centros docentes para facilitar su progreso educativo, y tendrán acceso a los documentos oficiales de evaluación y a los exámenes y documentos de las evaluaciones que se realicen a sus hijos/as o tutelados/as, sin perjuicio del respeto a las garantías establecidas en la Ley orgánica 15/1999, de 13 de diciembre, de protección de datos de carácter personal, y demás normativa aplicable en materia de protección de datos de carácter personal.
2. Los centros docentes promoverán compromisos con las familias y con el propio alumnado, en los que se especifiquen las actividades que unos y otros se comprometen a desarrollar para facilitar el progreso educativo.

- *Artículo 16.* Tutoría y orientación: Recolle a necesidade do traballo do titor/a no mantemento das relacións coas familias

- No *art 21, sobre a avali*ación, topamos tamén outra vía de comunicación coas familias

Al final de cada curso de educación secundaria obligatoria se entregará al padre, a la madre o a los/las tutores/as legales de cada alumno o alumna un consejo orientador, que incluirá una propuesta a padres, madres o tutores/as legales o, en su caso, al alumno o a la alumna del itinerario más adecuado a seguir, así como la identificación, mediante informe motivado, de grado de logro de los objetivos de la etapa y de adquisición de las competencias correspondientes que justifica la propuesta. Si se considerare necesario, el consejo orientador podrá incluir una recomendación a los padres, a las madres o a los/las tutores/as legales y, en su caso, al alumno o a la alumna sobre la incorporación a un programa de mejora del aprendizaje y del rendimiento, o a un ciclo de formación profesional básica.

6. La acción tutorial y la orientación educativa y profesional tendrán un papel relevante en esta etapa. El/la profesor/a tutor/a coordinará la intervención educativa del equipo docente y mantendrá una relación permanente con los padres, con las madres o con los tutores y con las tutoras legales, a fin de garantizar el ejercicio de los derechos reconocidos en el artículo 4.1.d) y g) de la Ley orgánica 8/1985, de 3 de julio, reguladora del derecho a la educación.

r/Cuxhaven , nº 7 - 36620 - Vilanova de Arousa
Tlfo.: 886 159 230 - FAX.: 886 159 233
e-mail : ies.faro.das.luas@edu.xunta.es

***Lei 4/2011 de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, no*** Art. 6 establece os dereitos e deberes das nais e pais.

***Decreto 8/2015*** que desenvolve a lei 4/2011 inclúe entre os obxectivos do Plan de Convivencia (Art.13, apdo f) o de fomentar e facilitar a participación a comunicación e a cooperación das familias no mantemento da convivencia dos centros e incluso fala no artigo 27 da posibilidade da creación de escolas de pais e nais.

**2. Reunión inicial**

O primeiro contacto coas familias é a reunión inicial ao comezo de cada curso, na que se lles dá a benvida ao centro ou a un novo curso e na que, nunha primeira parte se expoñen aspectos xerais do funcionamento do centro por parte do equipo directivo, para a continuación dar paso ás reunións de cada grupo cos titores/as correspondentes. Recibirán información sobre os horarios de titoría do profesorado, sobre as canles que poden empregar para obter información sobre calquera aspecto que consideren importante respecto ao curso e sobre as normas básicas de convivencia no centro.

**3. Axenda escolar**

Ao comezo de cada curso fáiselle entrega ao alumnado de 1º e 2º de ESO dunha axenda que deberán traer tódolos días á clase. Nesta axenda as familias van recibir información acerca de si o alumno/a está facendo as tarefas correspondentes a cada materia, se leva ou non o material necesario e se está tendo unha boa actitude na clase. Cada profesor fará as anotacións oportunas respecto á súa materia. A axenda será revisada polo titor/a e pola familia , e será firmada por ambas partes ao remate de cada mes. Deste xeito, a familia ten constancia de como se está a desenvolver o curso e consideramos que axiliza as citas de titoría en canto a certos aspectos, pois conta con información diaria do traballo e comportamento do seu fillo/a.

**4. Titorías**

É a forma de comunicación máis personalizada. As familias concertan cita para reunirse co titor ou titora correspondente, que recolle información máis pormenorizada entre o profesorado para transmitirlla na reunión. Ante calquera dúbida ou cuestión máis específica, tamén poden concertar cita co profesor/a ao que atinxe.

**5. Mensaxería**

As mensaxes SMS son empregadas para notificar as faltas de asistencia diarias. Unha vez comprobada a asistencia a primeira hora da mañá, envíanse os sms notificando as faltas ás familias correspondentes.

Tamén se empregan sms para notificar as condutas contrarias ás normas.

**6. Comunicacións escritas**

- Comunicados para informar sobre actividades extra escolares. A información relativa ás saídas educativas e outras actividades extra escolares enviase por escrito. Deste xeito asegurámonos de que a información sexa recibida por tódalas familias.
- Comunicados para pedir permisos para a difusión de fotos ou imaxes.
- Comunicados das condutas contrarias ás normas. Cando un alumno/a é apercibido dunha conduta contraria ás normas, ademais de notificala por sms, esta entrégaselle por escrito para que sexa firmada pola súa familia. Cando esta conduta é reiterativa ou grave convócase á familia a unha reunión co titor/a ou o equipo directivo.

**7. Aula virtual**

Empregase a plataforma Moodle como un recurso educativo máis, no que ademais de aportar diferentes materiais e enlaces, tamén se emprega como instrumento de avaliación en diferentes materias.

Ademais se está a traballar durante este curso para que exista unha canle de información máis directa para as familias e por iso se están creando os calendarios de aula en Google. A idea é que os alumnos/as colguen neste calendario as tarefas, datas de entrega de traballos, libros ou exames para que deste xeito poidan ser accesibles ás familias e a eles mesmos.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

r/Cuxhaven , nº 7 - 36620 - Vilanova de Arousa
Tlfo.: 886 159 230 - FAX.: 886 159 233
e-mail : ies.faro.das.luas@edu.xunta.es

**11.Avaliación do alumnado:**

**11.1.Datas das avaliacións (modelos de actas)**

**Avaliacións:**

**Avaliación inicial**: a mediado s do mes de outubro.

Segundo o acordado en CCP na avaliación inicial analizaranse os posibles problemas de disciplina que poidan xurdir nos grupos e tomaranse as medidas que o equipo docente crea convintes.

**Primeira avaliación**: última semana antes das vacacións de Nadal..

**Segunda avaliación**: última semana antes das vacacións de Semana Santa.

**Terceira avaliación**: o marcado na orde que regula o calendario escolar de cada ano académico.

Entrega de notas e prazos de reclamacións

**Entrega de notas xuño**: o marcado na orde que regula o calendario escolar de cada ano académico..

**11.2.Avaliación inicial.**

Como xa ven explicado no punto anterior a avaliación inicial levouse a cabo o mércores 19 de outubro para os cursos de 1º e 2º e o xoves 20 de outubro para os cursos de 3º e 4º da ESO coa intención de recopilar a máxima información académica e dos factores que poidan interferir no proceso de ensinanza-aprendizaxe dos nosos alumnos. Nesta sesións de avaliación se recorda que alumnado é repetidor para telo en conta no programa de reforzo por alumno repetidor, así coma as adaptacións e os reforzos necesarios en cada curso, aspectos estos que veñen reflectidos no apartado 3 da presente concreción curricular.

**11.3.Criterios xerais de promoción do alumnado de curso/etapa EP/ESO/BAC.**

Acadará o titulo de Graduado na Educación Secundaria Obrigatoria no IES Faro das Lúas de Vilanova de Arousa, o alumnado que:

No mes de Xuño, ou ben tras superar as probas extraordinarias de Setembro, teña aprobadas todas as materias da ESO.

Os alumnos/as que, ao rematar o cuarto curso, tras realizar as probas da convocatoria extraordinaria de setembro, teñan cualificación negativa nunha ou en dúas materias, sempre que esas materias non sexan simultaneamente unha das dúas linguas cooficiais e as Matemáticas (*), poderán ser propostos pola xunta de avaliación para a obtención do título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria, se esta considera que o alumno/a acadou en termos globais as competencias básicas e os obxectivos da etapa.

2.Considérase que o alumnado desenrolou as competencias clave considerando os seguintes puntos:

2.1.Os informes trimestrais desfavorables, se existen, por non desenvolver as competencias básicas en calquera das materias avaliadas negativamente. No caso de existir estes informes, correspóndelle ao profesor/a que imparte a materia a súa elaboración trimestral e envío ao titor/a, Departamento de Orientación e Xefatura de Estudos para que este o poña en coñecemento dos pais de xeito inmediato e por escrito segundo o Modelo do Centro .

2.2.Que o alumno ou alumna realizase as actividades de seguimento para a recuperación das materias suspensas e presentarse aos exames extraordinarios correspondentes con actitude de superación.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

r/Cuxhaven , nº 7 - 36620 - Vilanova de Arousa
Tlfo.: 886 159 230 - FAX.: 886 159 233
e-mail : ies.faro.das.luas@edu.xunta.es

3. Se as circunstancias particulares que concorren nun alumno/a no momento de presentarse ao exame extraordinario se determinan como EXCEPCIONAIS pola Xunta de Avaliación. Con respecto a este punto, cómpre por parte do alumno/a, xustificar tales circunstancias documentalmente cos informes oficiais oportunos.
Tamén poderá suceder, que aínda que se contemple a excepcionalidade e que teña tres materias suspensas, a Xunta de Avaliación non considere oportuno concederlle a titulación. É dicir, se concorren a excepcionalidade e tres materias suspensas, non significa automaticamente que ese alumno/a vaia titular.

**11.4.Criterios de titulación (ESO-BAC).**
Neste apartado só nos centramos na titulación de ESO posto que no noso centro non se imparten estudios correspondentes á etapa de Bacharelato.

**11.5.Procedemento para a acreditación de coñecementos previos en Bacharelato**

**11.6.Protocolo para a elaboración de plans específicos para alumnado que permaneza un ano máis no curso.**
Para o alumnado que permaneza un ano máis nun curso existe no centro o **Programa de Reforzo para Alumnado Repetidor** que debe levar cada departamento e que debe ter reflectido na súa programación. Básicamente se trata de afondar naqueles contidos e tarefas nas que se ve que o alumno/a falla máis e por tanto ofrecerlle distintos materiais para a súa comprensión. Desta maneira tamén se lle ofrecen titorías nos recreos para tratar aqueles aspectos que a este alumnado lle costa máis.

**11.7.Criterios xerais para tratamento das materias pendentes**
Cada departamento didáctico especifica na súa programación cal vai a ser o procedemento a seguir para a recuperación de materias pendentes de cursos anteriores, si ben dende o centro se aproban unha serie de datas para facer exames, que se publican no taboleiro dos alumnos/as e permanecen expostos de forma pública. Asimesmo se publican as notas acadadas nestas convocatorias.
**Primeira quenda**: última semana xaneiro- primeira febreiro.
Nesta quenda non haberá sesión de avaliación. Poranse as notas nas actas que estarán na sala de profesores.

**Segunda quenda**: primeiras semanas de maio.

**Avaliación de pendentes**: Mércores 24 de maio no recreo.

**11.8.Procedemento de revisión e de reclamacións ao longo do curso e ás cualificacións finais.**
Segundo as instrucións da Consellería.

**11.9Criterios xerais do outorgamento de Mencións Honoríficas.**

O centro seguirá a normativa específica a este apartado no caso de que exista alumnado que cumpra as condicións para recibir estas mención honoríficas.

CONSELLERÍA DE CULTURA EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Instituto de Ensino Secundario Faro das Lúas
r/Cuxhaven , nº 7 - 36620 - Vilanova de Arousa
Tlfo.: 886 159 230 - FAX.: 886 159 233
e-mail : ies.faro.das.luas@edu.xunta.es
XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**12.Criterios xerais da avaliación da práctica docente e do proceso ensinanza aprendizaxe. Concreción dos indicadores de logro (modelo acta)**
**Anexo acta avaliación "grupo_ano académico"**

| Materia | Profesor/a | Os obxectivos, contidos e criterios de avaliación foron axeitado ás características e necesidades do alumnado. | As aprendizaxes acadadas polo alumnado foron as programadas | As medidas de atención á diversidade aplicadas foron as necesarias. | Cumpriuse o desenvolvento deseñado da programación didáctica. | Houbo un aproveitamento dos recursos do centro. | Os procedementos de avaliación do alumnado foron axeitados ás características e necesidades do alumnado | A coordinación entre as profesoras e os profesores foi adecuada |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | | | |
| | | | | | | | | |
| | | | | | | | | |
| | | | | | | | | |

| |
|---|
| Observacións *(indicade o nome da materia para a que se fan as observacións)* |
| Problemas detectados na aula (*indicade o nome da materia na que se detectan os problemas)* |
| Posibles solucións aos problemas detectados. |

**13.-Decisións e criterios xerais na elaboración e avaliación das Programacións didácticas (modelo unificado, datas de entrega, datas de revisión, guión revisión …).**

En relación o modelo a seguir polos distintos departamentos á hora de facer as programacións didácticas estableceuse un modelo dado por inspección onde se recollen os puntos básicos que deben conter todas as programacións. Este modelo é o seguinte:

**Guións para a elaboracións das programacións didácticas**

Este guión foi elaborado seguindo as indicacións do DOG Núm. 14 do mércores 29 de xullo de 2015 e os acordos tomados na CCP do 11 de xuño de 2015.

Os párrafos que están noutra cor refírense só as programacións LOMCE (primeiro e terceiro de ESO).

As programacións didácticas incluirán en cada materia, polo menos, os seguintes elementos:

a) Introdución e contextualización.

b) Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. **Concreción que recolla a relación dos estándares de aprendizaxe avaliables da materia que forman parte dos perfís competenciais.**

c) Concreción, de ser o caso, dos obxectivos para o curso.

**d) Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de:**

**1º. Temporalización.**

**2º. Grao mínimo de consecución para superar a materia.**

**3º. Procedementos e instrumentos de avaliación.**

e) Concrecións metodolóxicas que require a materia.

f) Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar.

g) Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.

h) Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.

i) Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.

k) Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.

l) Medidas de atención á diversidade.

m) Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda (incluirase neste punto as contribucións ao plan TIC, plan de Convivencia, proxecto lector, e todos os outros proxectos nos que participa o instituto).

n) Actividades complementarias e extraescolares programadas por cada departamento didáctico.

ñ) Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

Unha vez entregadas vía correo electrónico as programacións son revisadas polo equipo directivo nas seguintes dúas semanas, e posteriormente son mandadas a inspección.